

ACTA DO XURADO DA II EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES NO FOCO- 27 de xuño de 2022

1º.- No Salón de Actos do Edificio Administrativo da Deputación de Pontevedra, ás 17:16 minutos do día **27 de xuño de 2022**, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da II Edición dos Premios #Mulleres no Foco; presidido por Lucia Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra; vogais: Paula Cabaleiro Comesaña, directora de Cultura da Deputación de Pontevedra; Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra; Carmen Mendez Lamas, en representación da Academia Galega do Audiovisual; Marta Villar Sanjurjo, en representación de CIMA; Eva Fórneas Braña, en representación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG); Ana Estévez Lavandeira, en representación da Coordinadora Galega de Festivais (Proxecta); Lidia Fraga Siso, en representación da Asociación Sindical de Guionistas (AGAG); Uxía Caride Blanco, en representación de Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) e actuando como secretaria Ana Isabel Amoedo Garrido, técnica do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra.

Carmen Mendez Lamas, en representación da Academia Galega do Audiovisual, conectase a reunión telemáticamente, dado que por problemas laborais urxentes de última hora, non pode asistir presencialmente.

A persoa representante da Asociación Galega de Profesionais da Dirección e Realización (CREA), Noemí Chantada Puime desculpa a súa presenza por problemas persoais urxentes pero envía por correo electrónico a súa deliberación e entra en directo, vía telefónica durante a celebración da reunión das persoas integrantes do xurado.

Ao comezo da reunión comunicáselles ás persoas integrantes do xurado, estes cambios de última hora.

2º.- Relación de solicitudes presentadas á convocatoria

No BOPPO núm. 69 de 8 de abril de 2022, publicáronse as Bases reguladoras da convocatoria da II Edición dos Premios #Mulleres no Foco, cuxa finalidade é incentivar, apoiar e recoñecer o papel das profesionais galegas do audiovisual, incidindo de forma directa na participación e na promoción destas no sector.



A esta convocatoria presentáronse un total de 17 candidaturas, das cales todas se admiten dado que cumpren coas bases da convocatoria.

3º.- Relación das candidaturas presentadas a II Edición dos Premios #Mulleres no Foco:

- Manane Rodriguez Rodriguez
- Jaione Camborda Coll
- Lucía Catoira Pan
- Xisela Franco Costas
- María Isabel Martínez Martínez
- Pilar Comesaña Amado
- Micaela Sinde Stompel
- Araceli Gonda Cabrera
- Tatiana Rodriguez Vázquez
- Beatriz Legerén Lago
- Andrea Vázquez García
- Natividad Juncal Portas
- Paula Cons Varela
- Chelo Loureiro Vilarelle
- Lucía Estévez González
- Adriana Pérez Villanueva
- Belén Montero Rodríguez

4º Propostas das persoas integrantes do xurado

Cada unha das persoas integrantes do xurado propón as súas tres premiadas. Finalizada a participación de cada unha delas, ábrese unha rolda de debate entre todas as persoas do xurado.

Tras a votación de cada unha e a deliberación final, as persoas do xurado, consideran que tendo en conta a labor realizada pola súa defensa dos dereitos das mulleres, o compromiso pola igualdade, por mulleres feministas ademais dos traballos e proxectos realizados durante o ano 2021, deben ser premiadas: **Lucía Catoira, Paula Cons Varela e Chelo Loureiro Vilarelle.**

Sen máis asuntos que tratar dáse por concluída a reunión, ás 18:34 horas do día 27 de xuño de 2022, do que eu, como secretaria, dou fe.

